

## **Lei 4/1985, do 17 de abril, de derogación da Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 394, do 22.3.1985.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 108, do 26.3.1985.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 398, do 2.4.1985.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 78, do 24.4.1985.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 118, do 17.5.1985.

## **Lei 4/1985, do 17 de abril, de derogación da Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira**

Para facer fronte á financiación dos servizos traspasados pola Administración Central á Comunidade Autónoma de Galicia e ante as dificultades que se derivaban da demora na posta en práctica dos mecanismos de financiación previstos no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei do Parlamento de Galicia 1/1984, do 20 de febreiro, creou o fondo de compensación financeira.

Este fondo tiña como finalidade fundamental facultar á Comunidade Autónoma de Galicia para utilizar a totalidade dos fondos disponibles na súa Tesourería, calquera que fose a súa orixe e destino, sen prexuício do principio de presuposto bruto establecido no artigo 58 da Lei Xeral Presupostaria.

A facultade concedida tiña unha vixencia temporal claramente limitada e un carácter puramente transitorio xa que tan só podería ser exercida en tanto non se procedese ó necesario axustamento das diferencias que se estaban a producir na financiación dos servizos transferidos, e que conducían a unha situación de déficit na Co-

munidade Autónoma, á que lle era necesario dar unha urxente resposta por ser de extraordinaria e evidente necesidade.

Estas circunstancias excepcionais que motivaron a promulgación da Lei 1/1984 do Parlamento Galego son recoñecidas expresamente polo Goberno Central no Real Decreto-Lei 3/1984, do 4 de abril, e na Lei 1/1985, do 5 de xaneiro, pola que se lle concederon a Galicia créditos necesarios para cubri-las insuficiencias de crédito na Sección 32.<sup>a</sup> dos Presupostos Xerais do Estado dos exercicios de 1982 a 1983, correspondentes ós servizos estatais transferidos á Comunidade Autónoma.

Ó mesmo tempo, xa se puxeron en vigor os mecanismos estatutarios de financiación básica dos referidos servizos traspasados, que constitúen a cesión do rendemento dos tributos que sinala a Disposición Adicional 1.<sup>a</sup> do Estatuto de Autonomía e a fixación da porcentaxe de participación dos ingresos do Estado a que se refiren o artigo 44 e maila Disposición Transitoria 5.<sup>a</sup> do citado Estatuto.

Todo o anterior permitiu regulariza-las transferencias financeiras procedentes dos Presupostos Xerais do Estado para a cobertura do custo efectivo dos servizos traspasados e fixo innecesario utilizarlo procedemento compensador previsto na Lei 1/1984.

Por outra parte, cumprida a previsión a que se refire o artigo 1 da citada Lei, e desaparecidas as causas que xustificaron a súa promulgación, esta cesa pola súa propia virtualidade, non é necesaria a súa aplicación polas circunstancias que se produciron e resulta oportuna a súa promulgación expresa.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Pre-

sidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de derogación da Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do fondo de compensación financeira.

#### Artigo único

Queda derogada a Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Parlamento de Galicia, do fondo de compensación financeira.

#### Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 1985

Gerardo Fernández Albor  
Presidente